



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
Servizos Sociais

## **PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN E NADAL**

### **1. Obxecto do Contrato**

O obxecto do contrato é a xestión, coordinación e realización do Campamento Urbano de Verán e de Nadal 2018, dirixido a menores de 3 a 12 anos coa finalidade de facilitar a atención dos nenos/as daquelas familias que o requiran como medida de conciliación persoal, laboral e familiar, así como a integración social no ámbito local.

### **2. Obxectivos**

#### **Xerais**

1. Contribuír ao desenvolvemento educativo individual e social de menores a través do desfrute do ocio saudable.
2. Orientar e asesorar a menores incidindo na súa autonomía persoal e responsabilidade.
3. Ofertar ao longo dos campamentos diversidade de actividades, tratando de facer partícipes aos menores.
4. Apoiar as familias para unha mellor conciliación persoal, familiar e laboral, principalmente determinadas polas dificultades derivadas dos períodos vacacionais escolares.
5. Desenvolver un modelo educativo non formal mediante actividades educativas, igualitarias, saudables e de respecto medioambiental e pola súa comunidade.
6. Promover hábitos de vida saudables.
7. Promover actividades que fomenten a igualdade, a convivencia, a integración e a participación.

#### **Operativos**

- Dar cobertura ao 100% das solicitudes presentadas polas familias que acrediten actividade laboral durante o período de vacacións.
- Conseguir a incorporación de menores que estean incluídos no Programa de Educación Familiar e nas Unidades de Traballo Social que contén con prescrición técnica fundamentada de incorporación a actividade.
- Conseguir a colaboración dun 80% dos centros educativos e ANPAS na difusión da actividade.
- Favorecer a incorporación de menores afectados dalgún tipo de discapacidade.
- Dar cobertura ao 100% da demanda de comedor a menores que contén con prescrición técnica

### **3. Descrición do Servizo obxecto do contrato:**

#### **3.1. Participantes**

- Menores de 3 a 12 anos empadroados no Concello da Estrada.
- Estímase unha media de 70 participantes por quincena nos meses de xullo e agosto (máximo de 280 en total) e unha media de 40 menores nos períodos de setembro e Nadal (80 nos dous períodos)
- Estímase un máximo de 900 menús financiados polo concello a menores en situación de especial vulnerabilidade.
- O número máximo de participantes é de 360 nenos/as.

#### **3.2 Instalacións**

As instalacións serán facilitadas pola empresa licitadora e deberán reunir tódolos requisitos contemplados na normativa vixente, en concreto no decreto 354/2003 do 16 de setembro.

#### **3.3. Temporalización e horarios**

A actividade desenvolverase ao longo dos meses de xullo e agosto e os días de setembro e de Nadal ata que comece o curso escolar. Organizarase en 4 quincenas, dúas en xullo, dúas en agosto e os períodos de setembro e Nadal.

Desenvolverase de luns a venres agás o 25 de xullo e o 15 de agosto en horario de 8:00 a 14:00, ampliándose desde as 7:00 da mañá para os nenos/as que soliciten o almorzo e ata as 16:00 horas no caso de menores que fagan uso do servizo do comedor

#### **3.4. Requisitos técnicos da entidade/empresa licitadora.**

As entidades /empresas interesadas no desenvolvemento do Campamento Urbano de Verán e de Nadal deberán acreditar documentalmente:

a) Ter realizado ao longo dos últimos tres anos traballos relacionados co obxecto do contrato, debendo presentar unha relación das principais actividades realizadas en dito período indicando destinatario, importe, datas de desenvolvemento e número de participantes.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario corresponda ó sector privado, unha declaración da empresa ou entidade destinataria.

b) Presentar a relación de persoal co que contan para o desenvolvemento do programa, facendo constar a titulación e experiencia de traballo de polo menos un ano na realización de actividades con menores. A titulación do persoal acreditarase mediante certificados expedidos polo órgano competente. A experiencia acreditarase mediante certificación ou informe emitido polo empresario.

c) Dispor dos medios e permisos necesarios para dispensar o servizo de comedor.

d) Dispor dos certificados que acrediten que o persoal contratado para levar a cabo o proxecto non foi condenado por ningún delito contra a liberdade sexual, Lei Orgánica 8/2015 do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e a adolescencia e no RD1110/2015, do 11 de decembro, polo que se regula Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, acreditará mediante Certificados Negativos de Delitos de Natureza Sexual. Esta documentación aportarase por parte da empresa adxudicataria xunto coa relación definitiva do equipo de traballo.

e) As entidades licitadoras concretarán nas súas propostas:

1. As actividades a realizar, así como a metodoloxía a utilizar para garantir a participación e para a consecución dos obxectivos contemplados no apartado 2 deste prego.
2. Cronograma diario de actividades diferenciado por grupo de idades.
3. Perfil de monitores participantes, indicando titulación e formación dos mesmos.
4. Nº máximo de e mínimo de participantes por quincena/período.
5. Ratio participantes/monitor
6. Composición dos menús semanal.
7. Actividades, servizos complementarios ou melloras que se ofertan.
8. As características das instalacións e do material ofertado e as súas condicións de uso.
9. Presuposto global detallado da actividade indicando a cobertura, nº de monitores, material a utilizar, seguros, servizo de comedor(900menús), transporte, visitas fora do termo municipal (se procede)...etc.
10. Presuposto por neno/a participante por quincena/período (setembro,nadal) e presuposto por menú de comedor.

### **3.5 Obrigas da empresa adxudicataria:**

- Organizar, programar, coordinar,executar e avaliar o desenvolvemento do Campamento Urbano de Verán e Nadal, nos días e horarios contemplados neste prego axustándose ós requisitos establecidos nos artigos 5º, 6º e 7º do decreto 354/2003.
- Aportar o persoal especialista preciso para o desenvolvemento das actividades.
- Cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral, seguridade e hixiene no traballo do persoal ó seu cargo.
- Comunicar diariamente o Departamento de Servizos Sociais deste Concello cantas incidencias se produzan na programación e no desenvolvemento das distintas actividades a través dos correos electrónicos facilitados ó efecto.
- A contratación dun seguro de accidentes e responsabilidade civil.
- Subministrar o servizo de comedor cunha dieta saudable, equilibrada, suficiente e adaptada as necesidades nutricionais de cada grupo de idade e as necesidades especiais daqueles menores que o precisen.
- A empresa contratada é responsable do control e seguimento da entrada e saída dos menores participantes na actividade, garantindo que as persoas que o recollen son aquelas que figuran como autorizadas.
- A empresa adxudicataria deberá pedir e dispor dos permisos precisos para a realización das actividades de acordo coa lexislación vixente.
- Presentación da factura xunto coa relación de menores participantes en cada quincena/período. Non poderán participar menores que non figuren na listaxe que o Departamento de Servizos Sociais presente á empresa adxudicataria onde se fará constar o nome, apelidos e idade do menor.
- Facilitar as instalacións e os medios materiais precisos para o desenvolvemento das actividades.
- Dispor dunha base de datos que permita obter sobre o seguimento das actividades dos/as participantes, así como da asistencia diaria e de comedor. A información porase a disposición co Departamento de

Servizos Sociais.

- Entregar canta información lle sexa solicitada pola responsable técnica da actividade do Departamento de Servizos Sociais, no prazo que se indique, ao longo do desenvolvemento da actividade.
- Entrega dunha Memoria de Actividades ao remate do Campamento de Verán e do de Nadal.

#### 4. PRAZO

A prestación do servizo establécese para o verán e o nadal do ano 2018 e 2019

#### 5. PREZO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN

O valor estimado do contrato é de :

**-21.000 euros**, IVE incluído ano 2018, **con cargo a partida orzamentaria 231.1.226.11**

-21.000 euros, IVE incluído ano 2019.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación en función da respectiva proposición seleccionadas, sen que en ningún caso poida ser superior ao tipo de licitación, que a tal efecto se fixa, IVA incluído.

O prezo do contrato inclúe gastos de instalacións , recursos humanos, seguros, materiais, así como a totalidade de gastos derivados da realización do Proxecto.

Para a determinación do prezo estimado do contrato, establécense os seguintes criterios:

- Prezo máximo de 55 euros por quincena e participante e 38,50 euros por participante no período do 1 ó 9 de setembro e mesma cuantía no período de Nadal.

- O número máximo de participantes por quincena nos meses de xullo e agosto será de 70 rapaces/zas. Para os mes de setembro e nadal é de 40 rapaces/zas.

O tratarse dun servizo financiado na súa totalidade con fondos municipais que promove a igualdade de oportunidades e facilita a conciliación da vida laboral e familiar, con marcado carácter preventivo e social considérase preciso subvencionar as prazas correspondentes as unidades familiares empadroadas no Concello da Estrada e propónse a seguinte bonificación que non son acumulables entre si:

- 40% a totalidade das persoas inscritas
- 50% no caso de familia numerosa.
- 50% cando asista a actividade o segundo irmán, e sí nos sucesivos irmáns que participen.
- GRATUIDADE (con prescrición técnica das UTS ou educadora familiar)

No caso de que participen menores non empadroados o importe a pagar será sen ningún tipo de bonificación.

	CRITERIOS	BONIFICACIÓN	IMPORTE A PAGAR POR QUINCENA
	Inscripción xeral	40%	33 €

PARTICIPANTES EMPADROADOS	Familias numerosas	50%	27,50 €
	Participación varios irmáns	50% (segundo)	27,50 €
	Menores con Prescrición técnica de Servizos Sociais	GRATUIDADE	00,00 €
	Quenda setembro	40%	23,10 €
	Quenda nadal	40%	23,10€
PARTICIPANTES NON EMPADROADOS	Inscrición quincena	Sen bonificación	55 €
	Quenda setembro		38,50 €
	Quenda nadal		38,50 €

O servizo de almorzo e comedor pagarano as familias directamente a empresa licitadora, agás as familias que contan con prescrición técnica das/do traballador social ou da educadora familiar.

## 6. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN

Os criterios, aspectos técnicos e económicos nos que se baseará a negociación e que servirán de base para a adxudicación, serán:

### a) Oferta económica ata 30 puntos.

A proporción económica correspondente ás ofertas presentadas avaliarase cun máximo de 30 puntos, outorgando a máxima puntuación á empresa que presente mellor oferta respecto do prezo tipo de licitación, obténdose as demais puntuacións mediante a seguinte fórmula.

**PEC = oferta máis económica X 30 / oferta do licitador.**

**b) Equipo técnico: ata 5 puntos.** Valoraranse o número de profesionais que intervirán no desenvolvemento do proxecto, diferenciando os que se adican a atención directa dos que desenvolvan tarefas de coordinación. No caso de que compartan ámbalas dúas tarefas especificaranse no proxecto o tempo adicado a cada unha delas, outorgando a máxima puntuación a empresa que presente a mellor oferta respecto do número de profesionais, obténdose as demais puntuacións mediante a seguinte fórmula:

**PEC = maior número de profesionais X 5 / oferta do licitador.**

**c) Ampliación do horario de prestación: 5 puntos.** Partindo do horario mínimo establecido de 8:00 a 14:00 horas, outorgaráselle 5 puntos a aqueles que presenten horario de 7:30 a a 15:30 horas

**d) Número de saídas: ata 5 puntos.** Valorarase o número de saídas previstas cos rapaces fora das instalacións , outorgando a máxima

puntuación a empresa que presente mellor oferta respecto do número de saídas, obténdose as demais puntuacións mediante a seguinte fórmula:

**PEC = maior número de saídas ofertadas X 5/oferta do licitador.**

**e) Servizo de xantar: 5 puntos.** Outorgarase 5 puntos a aqueles licitadores que oferten o servizo de comedor, incluíndo neste servizo o almorzo e o xantar.

Ademais os licitadores comprometeranse por escrito a contar no momento da adxudicación do contrato cunhas instalacións no casco urbán da Estrada(xa sexan en propiedade ou en réxime de aluguer) axeitadas para o desenvolvemento do campamento e deberán presentar unha Memoria coas actividades a desenvolver, obradoiros, saídas, persoal co que conta..etc., que será revisada polo Servizos Sociais do Concello.

Aló menos o 50% dos criterios de adxudicación deberán poder valorarse mediante fórmulas.

1. Non poderá negociarse, nin se considerarán as ofertas ou melloras sobre criterios distintos dos establecidos. En ningún caso serán negociables os propios criterios ou subcriterios de adxudicación das ofertas;nin os aspectos técnicos previstos nos pregos, proxecto ou documentación contractual que teñan consideración de prescricións mínimas ou de obrigado cumprimento.

2. As ofertas presentadas, ao longo da negociación, valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, en canto sexa posible. Neste sentido outorgaráselle a maior puntuación á empresa que mellor oferta realice, e os restantes en proporción a esta, por regra matemática de tres, tal e como consta nas anteditas fórmulas.

3. O órgano encargado da negociación efectuará as súas valoracións motivadamente partindo da especialidade derivada da súa composición en atención ós criterios obxecto de valoración, podendo solicitar os informes técnicos especializados que considere necesarios.

4. En caso de empate entre dous ou máis contratistas, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores minusválidos (non inferior ó 2%) conformidade co establecido n Disposición Adicional 4<sup>o</sup> do TRLCSP.

De persistir o empate entre os contratistas, adxudicarase o contrato a aquel que presente a oferta máis económica e de non ser suficientes estes criterios para desfacer a igualdade procederase a realizar un sorteo entre os contratistas que posúan igual formación.